

CURSO MEDIO DE FACILITACIÓN DE GRUPOS

Ferramentas e habilidades
para a xestión de colectivos

120h

Novembro 2025

Xuño 2026

Santiago de Compostela

INSCRIPCIONS

https://i.gal/CM_inscripcion

MÁS INFORMACIÓN

info@rexenerando.com

(+34) 604 03 35 15

Acredita

iiface
Instituto de facilitación y cambio

Organiza

**rexene-
rando** | *S. Coop.
Galega*

INTRODUCCIÓN

O mundo e os retos do futuro precisan de mellores procesos grupais que atendan a complexidade e diversidade. O obxectivo deste curso é ofrecer un espazo no que afondar e poñer en práctica as habilidades, técnicas e ferramentas básicas para a facilitación de procesos grupais.

A través da experimentación co propio grupo, as persoas participantes terán a oportunidade de co-facilitar con supervisión das formadoras do curso, identificando os seus estilos persoais e puntos fortes e aquelas dimensións nas que seguir a traballar para ocupar con maior consciencia e solvencia o rol de facilitadora.

Esta formación forma parte do currículo definido polo IIFACe como un proceso de tres anos. Dá continuidade ao Curso Básico e complétase co Curso Avanzado, un proceso de intervención e supervisión individual mentorizado.

DIRIXIDO A

Esta é unha formación dirixida a aquelas persoas que cursasen o Curso Básico de Facilitación e Xestión de Grupos do IIFAC-e (120h). As persoas ás que lles falte un ou dous módulos do Curso Básico, poden comezar o nivel medio co compromiso de completar o Básico neste mesmo curso 2025-2026.



OBXECTIVOS

Practicar ferramentas de facilitación de grupos para os catro espazos grupais, nun espazo de aprendizaxe supervisado.

Afinar as habilidades persoais das persoas como facilitadoras, dando importancia ao feedback ao longo de todo o nivel medio.

Desenvolver habilidades persoais e afondar nos contidos teóricos para adquirir solvencia nas competencias da facilitación de grupos.

Capacitar as persoas estudantes para o desenvolvemento da actividade profesional en relación ao emprendemento de proxectos de facilitación e deseño de intervencións (accións formativas, de asesoramento, facilitación en acción).

ESTRUTURA E METODOLOXÍA

O Curso Medio de facilitación de grupos consta de 120h lectivas, repartidas en oito módulos de fin de semana de 15h cada un. A maiores, contempla 30h de traballo persoal, composto pola elaboración dun diario persoal de aprendizaxe e un traballo final.

Cada módulo contará coa coordinación activa de tres ou catro alumnas/os. A súa misión será coidar do grupo durante todo o encontro e encargarse do inicio e peche. Ao final do curso, todas as persoas terán facilitado como mínimo nos catro espazos, incluíndo o rol de coordinadora da fin de semana.

O feedback é especialmente importante na metodoloxía de aprendizaxe do Curso Medio, incluíndo o do equipo formador, as demais persoas participantes e a propia reflexión persoal.

A nivel metodolóxico, traballarase cunha técnica coñecida como CAO (Classroom as Organization, a clase como unha organización). Nela, o propio grupo de aprendizaxe considérase un grupo cuasi-real coa súa propia visión e obxectivos a desenvolver ao longo do curso. Os primeiros módulos desenvolveranse en base a unha axenda pechada de contidos, na que as persoas participantes practicarán a facilitación nos catro espazos grupais (indagación, xestión emocional, cohesión e toma de decisións). Conforme o grupo vaia gañando madurez e apoderamento, tamén gaña autonomía para desenvolver o seu propio itinerario de contidos en función das súas necesidades e intereses

120H LECTIVAS
8 MÓDULOS
30H T. PERSOAL

CAO
A CLASE COMO
UNHA ORGANIZACIÓN

DESENVOLVEMENTO

MÓDULOS 1 E 2

Collendo confianza, mirando cara atrás. O grupo vaise coñecendo, coñece o formato e a proposta do curso, as persoas participantes experimentan nos seus grupos de prácticas e acostúmanse a recibir feedback neste contexto.

MÓDULOS 3 E 4

Abríndonos aos desafíos, conectando co momento. O grupo ten máis confianza e hai unha maior diversidade de relacións, situacións, etc. entre as participantes. Ademais de recibir feedback ao final, ábrese o momento de observar que lle sucede a cada persoa cando facilita.

MÓDULOS 5 E 6

Afinando a miña ruta persoal, escollendo o tipo de feedback. O grupo xa ten experimentado diferentes estilos e cada persoa pode ter unha maior claridade respecto a cales son os seus puntos de aprendizaxe próxima, en que aspectos do seu estilo de facilitación está a traballar e como quere o feedback.

MÓDULOS 7 E 8

Co-responsabilidade na miña profesionalización, o camiño persoal. Estes módulos están abertos á elección grupal e /ou persoal.

DATAS

14-16 novembro

20-22 marzo

19-21 decembro

17-19 abril

9-11 xaneiro

22-24 maio

20-22 febreiro

12-14 xuño



EQUIPO DOCENTE



Foto: Charo Lopes

César Fernández Pérez —Coordinador e docente

César é facilitador, terapeuta e formador. Licenciouse en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo, e é diplomado en Traballo de Procesos. É socio fundador do IIFAC-e e do Instituto de Traballo de Procesos e Democracia Profunda do Estado español. Ao igual ca Anna, conta con máis dunha década de experiencia na facilitación, acompañando persoas e organizacións no desenvolvemento da súa visión, estrutura organizativa, xestión de conflitos e toma de decisións. Foi o coordinador de todas as edicións do Curso Básico e Curso Medio do IIFAC-e en Galiza.



Alicia Comenge Segard —Docente

Alicia é facilitadora para organizacións, equipos, individuos e parellas. É socia experta e formadora en IIFAC-e e no Centro para a Transformación do Conflito Humano. É fundadora de varias iniciativas sociais, como o espazo comunitario Molino de Guadalmesí e o centro cultural e social Ecocenter en Tarifa. Dende hai mais de 10 anos è consultora de grupos que necesitan asesoramento, combinando diferentes metodoloxías complementarias. Aborda desafíos tanto estruturais como relacionais para proporcionar aos equipos ferramentas que lles permitan ser máis eficientes.

ENDEREZO

Colexio Montessori
(Colexiata Santa
María de Sar). Rúa de Sar,
s/n, 15702 Santiago de
Compostela, A Coruña

<https://g.co/kgs/1RvKzK9>

PREZO*

CURSO COMPLETO

1200€

HORARIO

VENRES:

16 a 20 h

SÁBADOS:

10 a 14h

16 a 19h

DOMINGOS:

10 a 14 h

PRAZOS

MATRÍCULA*:

100 €

Antes do 30 de setembro

1 PAGAMENTO:

550 €

Antes de 15 de novembro

2 PAGAMENTO:

550 €

Antes do 20 de febreiro

*Importe non reembolsable, só no caso de anulación do curso.

O PREZO INCLÚE

8 módulos de formación
de 15 h/módulo

Sala de formación

Documentación
e materiais

Apoio telemático dos
titores/as para a re-
alización dos traballos
persoais

Matrícula para gastos
administrativos



DEVOLUCIÓN

O importe da matrícula non é reembolsable, e só será devolto se finalmente non hai alumnado suficiente para levar o curso adiante. A formación está deseñada como unha unidade pedagóxica, polo que o importe non será devolto unha vez comezado o curso. En caso de forza maior, poderase proceder a unha baixa co curso xa iniciado. Esta baixa implica que non se abona o importe que falte por pagar, pero non se devolve o xa pagado.

BONIFICACIÓN

Este curso pódese acoller á modalidade de formación programada polas empresas para as persoas traballadoras (Real Decreto-lei 4/2015, de 22 de marzo). O alumnado que cumpra cos requisitos básicos, ser traballadoras/es por conta allea e que as súas empresas coticen no réxime xeral da Seguridade Social por elas/es, poderán obter un desconto total ou parcial no custe do curso, dado que as empresas dispoñen dun crédito para a formación das persoas traballadoras bonificable nas cotizacións empresariais á Seguridade Social. Para máis información escribe a info@rexenerando.com.

FACILIDADES

Se tes dificultades económicas para custear o curso podemos explorar opcións alternativas de fraccionamento ou revisar os prazos de pago. Pódeste pór en contacto connosco en info@rexenerando.com e valoramos opcións.

AXUDAS

Unha vez acadado un grupo mínimo ofreceremos a posibilidade de dúas bolsas de axuda do 50% do importe do curso. Se tes interese nesta opción, envía un correo electrónico a info@rexenerando.com e indicaremosche os pasos a dar para a súa solicitude.

Prazo de solicitude de bolsa:
Antes do 15 de setembro



CERTIFICACION

Este curso está deseñado en base a un itinerario formativo máis amplo en Facilitación de Grupos que acredita o IIFAC-E, Instituto Internacional de Facilitación e Cambio-España, conformando o seu ano medio (facilitacion.org). Ao finalizar entregarase o certificado do IIFAC-E de acreditación do nivel medio na formación de Facilitación de Grupos. Requirirase a asistencia total dun 75% das horas presenciais e un 75% de asistencia das horas de cada módulo, ademais da entrega dos traballos persoais.

CALIDADE

En caso de que se produza algunha desconformidade nalgún momento do curso, o alumnado poderá poñer en coñecemento do IIFACE o que entenda que poderían ser tanto cuestionamentos á calidade das formacións como posibles faltas ao código ético do IIFACE por parte das persoas formadoras en calquera módulo del Nivel Medio, a través do correo: sabias@iiface.org. Este correo será revisado por unha persoa do círculo de sabias e derivarase ao círculo competente para a súa resposta e xestión.

INSCRICIÓN

https://i.gal/CM_inscripcion

MÁS INFORMACIÓN

info@rexenerando.com

(+34) 604 03 35 15

Acredita

iiface
instituto de facilitación y cambio

Organiza

**rexe
nera
ndo** | *S. Coop.
Galega*